



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CENLLE PARA A MELLORA DOS ACCESOS A CASARDOMATO -ESPOSENDE.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Cenlle, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Cenlle o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Cenlle, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Mellora dos accesos a Casardomato - Esposende”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Cenlle (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“Mellora dos accesos a Casardomato - Esposende”**.





O núcleo de Casardomato é un pequeno conxunto de edificacións pertencente á parroquia de Esposende do Concello de Cenlle.

Os accesos a este núcleo son bastante deficientes. Con grande presenza de formacións rochosas características das beiras do río Avia, unicamente se pode acceder a Casardomato por tres estreitas vías (dúas delas procedentes de outros núcleos da mesma parroquia) que conflúen nun pequeno espazo onde resulta moi complicada a manobra dos vehículos.

A vía principal, que parte da estrada autonómica OU-211 (P.K. 3+850m), é unha estreita subida de pendente moi pronunciada que carece de pavimentación adecuada.

O obxectivo desta actuación é dotar dun mellora firme para favorecer as condicións de tránsito e seguridade viario e, deste xeito, proporcionar maior calidade de vida á poboación deste núcleo rural.

O firme do acceso ao lugar mencionado encóntrase en mal estado polo que se inclúe a mellora da súa capa de rodadura.

Preténdese limpar e pavimentar a vía principal de acceso a Casardomato ata o cruce de camiños, mediante o bacheo con grava e o asfaltado de toda a súa superficie.

Proxéctase ademais, para a vía que une os núcleos de Casardomato e Santa Mariña, o bacheo no pavimento de formigón HM-20/P/40/IIA, sobre 5 cm de grava miúda de regularización.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 26 de maio de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo